

Código do documento	Código do expediente
USG13I01F1	USG/2019/244
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3U5U 614A 6U1S 3Q39 0TAB	

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 9 DE DECEMBRO DE 2019.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D.^a M^a Guadalupe Pombo Carril
D. Diego Antonio Taibo Monelos
D.^a Marta M^a Figueroa Fuentes
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.^a Marta M^a Iglesias Becerra
D. Carlos Liñares Gestal
D.^a Yéssica Méndez Sánchez

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.^a Vanesa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e cincuenta minutos do día nove de decembro do ano dous mil dezanove, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D.^a M^a Guadalupe Pombo Carril, D. Diego Antonio Taibo Monelos, D.^a Marta M^a Figueroa Fuentes, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.^a Marta M^a Iglesias Becerra, D. Carlos Liñares Gestal e D.^a Yéssica Méndez Sánchez.

Asiste á sesión a Sra. Interventora municipal, D.^a Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo, que da fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA O DÍA 3 DE DECEMBRO DE 2019.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión extraordinaria celebrada o día tres de decembro de dous mil dezanove, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión extraordinaria realizada o día 3 de decembro de 2019.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Real decreto 716/2019, do 5 de decembro, do Ministerio de Facenda, polo que se modifican o Real decreto 773/2015, de 28 de agosto, polo que se modifican determinados preceptos do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, e o Real decreto 700/1988, de 1 de xullo, sobre expedientes administrativos de responsabilidade contable derivados das infraccións previstas no título VII da Lei Xeral Orzamentaria. BOE núm. 293 do 06-12-2019.
- Orde do 26 de novembro de 2019, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se fai pública a ampliación da dotación orzamentaria para a concesión das axudas establecidas no programa III da Orde do 13 de agosto de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras de axudas a centros especiais de emprego co fin de promover a integración laboral das persoas con discapacidade e se

1 de 6

Código do documento	Código do expediente
USG13I01F1	USG/2019/244
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 3U5U 614A 6U1S 3Q39 0TAB	

procede á súa convocatoria para as anualidades 2018-2019 (código de procedemento TR341M). DOG núm. 231 do 04-12-2019.

- Anuncio do 12 de novembro de 2019, do Concello de Culleredo, relativo á requerimento de xestión de biomasa (expediente UME/2019/24). DOG núm. 231 do 04-12-2019.
- Anuncio do 12 de novembro de 2019, do Concello de Culleredo, relativo á requerimento de xestión de biomasa (expediente UME/2019/24). DOG núm. 233 do 09-12-2019.
- Anuncio do 29 de novembro de 2019, de Culleredo, -Secretaría Xeral-, relativo á delegación de competencia na concelleira da Corporación Marta María Iglesias Becerara para a celebración de matrimonio civil entre M.C.V.G e J.L.A o día 30.11.2019 ás 14.00 horas. BOP núm. 232 do 05-12-2019.

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DA ALCALDÍA E DAS DISTINTAS CONCELLARÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- O sr. Iglesias Lovelle da conta á Xunta de Goberno Local da realización das seguintes actividades da Concellería de Desenvolvemento local, Cultura, Festas e Turismo:

“ACTIVIDADES CULTURAIS

XOVES 12 DE DECEMBRO

Salón de actos do Conservatorio de Música de Culleredo. 19:00 h:

Concerto de frauta travesa, con alumnos/as da profesora Paloma Catalá. Entrada libre.

VENRES 13 DE DECEMBRO

Salón de actos do Conservatorio de Música de Culleredo. Horario pendente de confirmar.

Concerto de piano, con alumnos/as da profesora Alís Polo. Entrada libre.

VENRES 13 DE DECEMBRO

Biblioteca “Cardeso Liñares” de Vilaboa. 18.30 h:

Obradoiro de decoración de Nadal.

A partir de 7 anos. Máximo 15 prazas.

Inscripción na biblioteca a partir do 9 de decembro en horario de 11.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 h. (tfno: 981650077).

VENRES 13 DE DECEMBRO

Auditorio do Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 19.30 h:

Baobab Teatro: *Baila Roque, baila.*

Entrada de balde. Recollida de invitacións dende unha hora antes da función.”

2.2.2.- A sra. Pombo Carril da conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da Concellería de Política Social, Mocidade e Promoción do Deporte:

“

****PRESTACIÓNS ECONOMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

Data da	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
----------------	----------------------	-------------	----------------------------	-------------------------	----------------

Código do documento	Código do expediente
USG13I01F1	USG/2019/244
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 3U5U 614A 6U1S 3Q39 0TAB	

C.I.F. P-1503100-H

resolución					
27/11/19	1969	Autorización, disposición, recoñecemento e ordenación do pago.	M.P.C.L.	<p>Recibo de auga, correspondente ao 1º, 2º e 3º trimestre de 2019.</p> <p>Recibo de luz correspondente ao período de xaneiro de 2019 a 14 de outubro de 2019.</p> <p>Recibo de gas correspondente ao período de 08 de febreiro de 2019 a 09 de outubro de 2019.</p>	<p>248,92 €</p> <p>489,91€</p> <p>98,04€</p>
26/11/2019	1970	Autorización, disposición, ordenación e pago.	S.M.P.R.	<p>Recibo de auga correspondente ao terceiro trimestre de 2019 de Gestauga.</p> <p>Terceiro trimestre de 2019 de Emalcsa.</p> <p>Recibo de electricidade correspondente ao período do 5 de decembro de 2018 ao 7 de xaneiro de 2019,</p> <p>Do 7 de agosto ao 9 de setembro de 2019,</p> <p>e do 9 de setembro ao 7 de outubro de 2019.</p>	<p>49,17€</p> <p>28,02€</p> <p>41,81€</p> <p>28,66€</p> <p>25,31€</p>
28/11/19	1974	Autorización, disposición, recoñecemento e ordenación do pago.	M.A.P.	<p>Recibo de auga correspondente ao 1º, 2º e 3º trimestre de 2019.</p> <p>Recibo de luz correspondente ao período de xaneiro de 2019 a 03 de outubro de 2019.</p> <p>Recibo de gas correspondente ao período de 01 de xaneiro de 2019 a 03 de outubro de 2019.</p>	<p>196,49 €</p> <p>319,02€</p> <p>142,14€</p>
28/11/19	1976	Autorización, disposición, recoñecemento e ordenación do pago.	J.G.R.	<p>Recibo de auga correspondente ao 1º, 2º e 3º trimestre de 2019.</p> <p>Recibo de luz correspondente ao período de 01 de xaneiro</p>	<p>203,73 €</p> <p>431,95€</p>

Código do documento	Código do expediente
USG13I01F1	USG/2019/244
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 3U5U 614A 6U1S 3Q39 0TAB	

C.I.F. P-1503100-H

				de 2019 a 12 de setembro de 2019.	
28/11/19	1977	Autorización, disposición, recoñecemento e ordenación do pago.	T.L.F.	<p>Recibo de luz correspondente ao período de 19 de xullo de 2019 a 13 de outubro de 2019.</p> <p>Recibo de auga correspondente ao 3º trimestre de 2019.</p> <p>Recibo de gas correspondente ao período de 03 de agosto de 2019 a 13 de outubro de 2019.</p>	<p>49,41 €</p> <p>54,50€</p> <p>16,72€</p>
28/11/19	1978	Autorización, disposición, recoñecemento e ordenación do pago.	A.G.B.	<p>Recibo de gas correspondente ao período de 16 de abril de 2019 a 15 de outubro de 2019.</p> <p>Recibo de auga correspondente ao 2º e 3º trimestre de 2019.</p> <p>Recibo de comunidade correspondente os meses de xullo a outubro de 2019.</p>	<p>240,00 €</p> <p>152,29€</p> <p>100€</p>
28/11/19	1980	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	M.U.L.G.	<p>Recibo de auga correspondente ao 3º trimestre de 2019.</p> <p>Recibo de luz correspondente ao período de 03 de xullo de 2019 a 08 de outubro de 2019.</p>	<p>58,09 €</p> <p>59,52€</p>
28/11/19	1981	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	D.D.F.T.	Recibo de transporte correspondente os meses de setembro.	35,35 €
29/11/19	1997	Conceder unha axuda económica.	M.M.I.C.	Pagamento da hipoteca correspondente aos meses de xuño 2019 (135€), e de xullo a novembro (188€/mes).	1.075,00 €
29/11/19	1996	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	S.G.F.	Recibo de luz correspondente ao período de 7 de outubro de 2019 a 03 de novembro de 2019.	13,15 €
29/11/19	1997	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	M.E.B.R.	Recibo de auga correspondente ao 3º trimestre de 2019.	63,80 €

Código do documento	Código do expediente
USG13I01F1	USG/2019/244
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 3U5U 614A 6U1S 3Q39 0TAB	

				Recibo de luz correspondente ao período de 04 de agosto de 2019 a 31 de outubro de 2019.	78,63€
29/11/19	2000	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	D.D.F.T.	Bono de transporte correspondente ao mes de outubro de 2019.	56,63 €
29/11/2019	2001	Concesión dunha axuda económica	A.M.V.G.	Pago de aluguer correspondente aos meses de xullo (400€), agosto (400€) e parte de setembro (275€) de 2019.	1075€

*GASTOS FÚNEBRES				
Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Importe
29/11/2019	2002	Cobertura dos gastos derivados de cadaleito, traslado e sepelio	E.G.A.	1.501,72€

C.I.F. P-1503100-H

SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS BÁSICOS:

PROGRAMA V DE SOLIDARIEDADE E DINAMIZACION SOCIAL

****Dinamización social :**

O luns 9 de decembro a **Agrupación de Voces Veteranas de Culleredo** actuará na **Residencia Xerontolóxica Orpea da Zapateira**. Ofrecerá un **concerto navideño** no que interpretarán distinta panxoliñas e outra cancións populares.

Tera lugar ás 17:15h e está dirixido as persoas residentes no centro e as súas familias.

Doutra banda , en colaboración coa Concellería de Educación ofrecerá uns **Concertos Didácticos de Nadal** no Conservatorio Municipal do Concello de Culleredo ás 10:30h, destinados aos nenos e nenas de distintos colexios de primaria do concello dentro da liña de concertos interxeracionais da Agrupación.

As datas dos concertos serán o xoves 12 no CEIP de Tarrío para o alumnado de 3º e 4º, e o luns 16 para o alumnado dos cursos de 1º e 2º dos CEPIS Isaác Díaz Pardo e Vila de Rutis.

Nestes concertos didácticos a directora da coral explicarlles a temática das panxoliñas, os instrumentos musicais, as distintas voces, etc. Contarase coa participación de nenos e nenas en distintas obras e rematarán cunha panxoliñas cantadas en conxunto con eles .”

2.2.3.- A sra. Méndez Sánchez da conta á Xunta de Goberno Local da realización das seguintes actividades da Concellería de Participación Cidadá, Educación e Medio rural:

“ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN:

PROGRAMA EDUCACULLEREDO 2019-2020.

Código do documento	Código do expediente
USG13I01F1	USG/2019/244
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3U5U 614A 6U1S 3Q39 0TAB	

ACTIVIDADE: " Un corazón a flor de pel". Espectáculo en torno ás emocións.

Programa: Educación emocional.

Datas: 9 e 10 de decembro.

Horario: de 10:00 a 13:30 h.

Centros participantes: CEIP Sofía Casanova, CEIP Díaz Pardo, CEIP Ría do Burgo e CEIP Vila de Rutis.

Curso: 2º EP.

Nº participantes: 185.

Lugar: bibliotecas escolares.”

2.3.- SENTENZA 181/2019 DO XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 2 DE A CORUÑA, PROCEDEMENTO ORDINARIO 299/2018.

O sr. Alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local da sentenza 181/2019 do Xulgado contencioso administrativo nº 2 A Coruña do procedemento ordinario 299/2018, interposto por Dona A.M.G.G. e Don A.G.I. recurso contencioso administrativo sobre Urbanismo-Licencia sendo demanda a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística APLU, e codemandado o CONCELLO DE CULLEREDO, contra a resolución da APLU de 21 de setembro de 2018 que desestima o recurso de reposición interposto fronte a anterior resolución que declara non legalizable unha obra na parcela 168, polígono 57 do Monte da Raposa-Rumbo e se ordena a súa demolición.

O fallo desestima o recurso contencioso interposto con imposición de custas procesais aos demandantes.

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e cincuenta e sete minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

O alcalde ,

C.I.F. P-1503100-H